



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Laboautomatización		Código	610G01038
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Castelán/Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Química			
Coordinación	Penedo Blanco, Francisco Jose	Correo electrónico	francisco.penedo.blanco@udc.es	
Profesorado	Penedo Blanco, Francisco Jose	Correo electrónico	francisco.penedo.blanco@udc.es	
Web	https://moodle.udc.es/			
Descripción xeral	Unha parte moi importante do traballo que se fai nun laboratorio consiste na realización de medidas, análise dos resultados obtidos e utilización de novas condicións experimentais en función dos mesmos. En moitas ocasións estas operacións pódense realizar de forma automática mediante un PC sen a necesidade de estar presente durante o proceso, utilizando os equipos dispoñibles no laboratorio. Nesta asignatura ensinaranse distintas estratexias para poder realizar este tipo de control automático que facilita o traballo diario dun laboratorio.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
- Coñecer os aspectos básicos no control de equipos e na comunicación entre equipos e PC.		A15	B4 C2
- Observar e coñecer os moi diversos campos de aplicación dos sistemas de control.		A16	B7 C3
		A19	C8
Coñecer os elementos básicos de programación dentro da estructura do programa Labview		A20	B3 C3
		A22	C6
		A23	
		A25	
Desenvolver procedimentos para a adquisición e análise de datos obtidos nos instrumentos usados no laboratorio		A19	B2 C3
		A20	B3 C6
		A21	B5
		A22	
		A23	
		A25	
Procesar os datos numéricos obtidos na captura, e elaborar informes finais de resultados, no formato adecuado ao experimento ou control		A20	B3 C3
		A22	C6

Contidos	
Temas	Subtemas
-Conceptos xerais en control de sistemas	-Principios básicos. Tipos de control. Sistemas de estados discretos. Diagramas de control. Obxetivos xerais e criterios de avaliación. Datos dixitais e analóxicos. Controles lóxicos programables (PLC)
-Introducción á programación gráfica	- Panel frontal, diagramas de bloques, barras de ferramentas e menús emergentes. Instrumentos virtuais.



-Compoñentes dun instrumento virtual	-Controles, indicadores e constantes. Estructuras e execución por fluxo de datos. Tipos de variables.
-Operacións básicas cos distintos tipos de datos	-Operacións lóxicas. Operacións aritméticas. Construcción de arrays e clusters.
-Utilización de estruturas	-Bucles for e while. Toma de decisións usando estruturas condicionais. Secuencias. Fórmulas. Estructuras avanzadas.
-Presentación e almacenaxe de datos	-Realización de gráficos. Arquivos de entrada e saída.
-Operacións avanzadas	-Creación de subVI's. Variables locais e "shift registers"; Nodo de propiedades. Edición do icono e de conectores.
-Control de instrumentaxe	-Tipos de conexións. Envío de instruccións coa conexión RS232
Métodos matemáticos de axuste non lineal multiparamétrico	Algoritmo de Levenberg-Marquardt

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A15 A16 A21 A23 A25 B3 B5 C2	7	14	21
Prácticas a través de TIC	A15 A16 A20 B2 B3 B4 C2 C3 C6	2.5	10	12.5
Prácticas de laboratorio	A15 A16 A19 A20 A22 A23 B2 B3 B5 B7 C3 C6 C8	22	44	66
Proba mixta	A15 A20 A21 A22 A25 B2 B3 C3 C6	2	10	12
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Clases maxistrais onde se desenvolven os contidos teóricos fundamentais e aspectos principais da programación gráfica.
Prácticas a través de TIC	Resolveránse exercicios sinxelos por email e/ou moodle, co obxecto de familiarizarse co uso do programa e/ou exemplificar procesos lóxicos de programación.
Prácticas de laboratorio	Prácticas de laboratorio onde se aplicarán os coñecementos adquiridos para a resolución de situacións típicas con equipamentos científicos
Proba mixta	Proba final de avaliación dos coñecementos adquiridos na materia, teóricos e experimentais

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Prácticas de laboratorio	Nas prácticas a través de TIC o alumnado deberá levar a cabo exercicios propostos onde se verificarán o correcto entendemento dos fundamentos básicos da materia, e seránllies clarificadas aquelas dúbidas que non teñan sido capaces de solventar. Todo o proceso levaráse a cabo online.
Prácticas a través de TIC	No laboratorio poñeránse en práctica os coñecementos previos mediante o diseño dunha aplicación de control de equipamento de laboratorio, dirixido paso a paso polo profesor. Estas prácticas son presenciais, por mor do uso de equipo de análise específicos (ver plan de continxencias para excepcións).

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A15 A16 A19 A20 A22 A23 B2 B3 B5 B7 C3 C6 C8	Avaliaráse a utilidade e funcionalidade da aplicación de control computerizado de equipos de investigación deseñada no laboratorio.	45
Prácticas a través de TIC	A15 A16 A20 B2 B3 B4 C2 C3 C6	Avaliaránse as respostas online a cuestiós prácticas curtas sobre os contidos teóricos	20
Proba mixta	A15 A20 A21 A22 A25 B2 B3 C3 C6	Avaliaránse a asimilación dos conceptos básicos teóricos e as habilidades adquiridas no control e manipulación de datos experimentais	35

Observacións avaliación

En xeral:

- Non se avaliará positivamente se nunha das tres metodoloxías non se acada un mínimo de 5 puntos sobre 10
- A nota mínima de aprobado é de 5 sobre 10 no promedio ponderado
- Para ter en conta as cualificacións nas distintas actividades suxeitas a avaliación é necesario obter a puntuación mínima indicada anteriormente en cada unha delas. Polo tanto, de non acadarse dita puntuación mínima nunha das actividades, ainda que a media sexa superior ou igual a 5 (sobre 10), a materia figurará como suspensa (4.0).
- A cualificación de "non presentado" aplicarase só no caso de que a participación do alumno/a en actividades availables represente menos do 25% da cualificación total.

Para a segunda oportunidade de avaliación:

- As probas non superadas na primeira oportunidade repetiránse nesta segunda. Importante: por mor do escaso tempo entre primeira e segunda, as dúas primeiras probas realizaránse concentradas en poucos días, antes da proba mixta. A programación concreta das mesmas depende do número de alumnos/as que teñan que presentarse nesta oportunidade, e faráse pública ao remate da primeira.
- Poderáse conservar calquera das tres cualificacións da primeira oportunidade (con mínimo de 5 puntos sobre 10).
- O alumnado avaliado na segunda oportunidade só poderá optar a Matrícula de Honra se o número máximo destas para o curso non se esgotaron na primeira oportunidade.

Para cualquiera oportunidade de avaliación:

- O alumnado con dedicación a tempo parcial non ten un tratamento distinto dos de matrícula normal. No caso específico de alumnado con exención de asistencia, a proba mixta poderá ser online, mais nas prácticas de laboratorio (ver epígrafe 6, "Atención persoalizada") isto non é factible. Non sendo posible predecir antes do comienzo do curso o impedimento de asistencia, o profesor estudará cada caso concreto, coa fin de adaptar a avaliación desta parte.

NOTA FINAL: A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación,

una vez comprobada, implicará directamente a cualificación de "suspenso"

(nota numérica 0) na convocatoria do curso en que se cometía a

falta, tanto si se produce na primera oportunidade como na segunda. Neste último caso modifíquese a cualificación na acta da primera oportunidade.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Travis, J. and Kring, J. (2008). LabVIEW for Everyone Graphical Programming Made Easy and Fun. Prentice Hall - del Río Fernández, J.; Shariat-Panahi, S.; Sarriá Gandul, D. y Lázaro, A.M. (2011). LabVIEW Programación para sistemas de instrumentación. Garceta - Various (2000-2014). Reports and collaboration papers from National Instruments, in PDF and PPS format (restricted sharing in the signature web cloud). - Hernández Gaviño, Ricardo (2010). Introducción a los sistemas de control: Conceptos, aplicaciones y simulación con MATLAB. Prentice Hall - Seborg, D.E.; Edgar, T.F.; Mellichamp, D.A. (2004). Process Dynamics and Control. John Wiley & Sons - Outras fontes bibliográficas moi específicas e variables que só se atopan online, aparecerán como arquivos PDF na web da asignatura (dentro da web campusvirtual.udc.gal, acceso restrinxido) e estarán accesibles ao longo do curso.
---------------------	---



Bibliografía complementaria	-Artículos de investigación relacionados coa temática, procedentes de distintas fontes, como por exemplo o Journal of Chemical Education ou Journal of Automated Methods & Management in Chemistry
-----------------------------	--

Recomendacións**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Química Física 1/610G01016

Química Física 2/610G01017

Química Física 3/610G01018

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Química Física Avanzada/610G01020

Materias que continúan o temario**Observacións**

- Coñecementos previos; Matemáticas de análise e estadística básicas, integrais numéricas, estadística de axustes por mínimos cuadrados, métodos numéricos iterativos de resolución de ecuacións.- Tendo en conta que as fontes de información atopánsen en inglés, recoméndase ao alumnado que teña un nivel de comprensión de inglés leído medio. - Coa fin de reducir o consumo de papel, seguindo os obxectivos Green Campus da Facultade de Ciencias, todo o material available (agás a proba mixta) presentarase en formato dixital pdf.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías